

Estrella Portela López

(MOURENTE, 1915-1942)

No primeiro de maio anterior ao golpe de Estado, Estrella Portela ía na cabeza da manifestación obreira, xunto ao seu mozo, Faustino Gama Casalderrey, membro dunha coñecida familia de comerciantes e políticos de Lérez, unha das que con máis virulencia sufriu a represión fascista tras o golpe de Estado de 1936: Os irmáns Manuel e Alejandro Gama Casalderrey sufriron condenas de prisión, Alejandro despois de estar máis dunha década fuxido. No intento de descubrir o seu paradiro, tiveron presa a súa irmá Custodia durante 40 días, rapáronlle o pelo e obrigárona a varrer as rúas da cidade cun cartel colgado que puña “Comunista”. Pero sen dúbida, a peor parte levouna Faustino, que apenas oito meses despois daquela manifestación en parella, foi fusilado. Foi o 28 de decembro de 1936, o día dos Santos Inocentes.

Entregárase ás autoridades para aforrarlle novas aldraxes á súa moza Estrella e á súa familia. Intentando descubrir o paradiro de Faustino, os cívicos realizaban continuos rexistros na casa da nai, Dorinda López, que tiña once fillos e gañaba a vida indo vender descalza polos mercados. Daqueles rexistros ten lembranzas o irmán de Estrella, Paco Portela, que no momento do golpe de Estado tiña oito anos:



“Os cívicos rodeaban a casa e todo o mundo a tremer. Viñeron rexistrala tres ou catro veces e ata revolvían o toxo e todo. Cando entraban aqueles asustaban un. Ían moitos, máis dunha ducia e ían armados. Rodeaban a casa, entraban e revolvían todo. A nós xa nos metían nunha esquina. Dicían os meus pais: ‘Métete aí rapaz, e non te movas’. Porque entraban como se foran romper todo. Púñanse todos a correr dun lado para outro, e revolve aquí e revolve alí. Pero eu a Tino na casa nunca o vin. El andou escapado cando foi daquela, no 36, e logo matárono. Pero eramos once irmáns, un xa morrera e outro, Domingos, morreu despois na guerra... El non era de ningún bando, traballaba na casa, que non tiña oficio. Os meus pais vivían do campo e non sabían ler nin escribir ningún dos dous”.

Francisco Portela López, irmán de Estrella

Os rexistros repetíronse ata que un día levaron presa a Estrella, rapárona e tatuáronlle a fronte. Foi a última aldraxe que permitiu Tino:

“A Estrella rapáronlle o pelo e tatuáronlle a fronte. Cando el a viu díxolle: ‘non te volven maltratar’. Saíu do agocho e matárono”.

Peregrina Suárez Portela, sobriña de Estrella

Segundo a familia de Estrella, no momento da súa detención era o seu avó materno, Francisco López, o que tiña agochado a Faustino. Custodia Gama Casalderrey, a irmá, contou nunha entrevista concedida a Aurora Marco e recollida no libro *A Galiza de Bóveda* que tamén estivera agochado na casa dunha tía de Estrella e que, de feito, chegaron a deter tanto a tía como a Dorinda, a nai. Foi entón cando Faustino mirou de cambiar de agocho e, segundo a entrevista de Custodia, ficou en Verducido ata que o avó da súa moza lle atopou un agocho seguro:

“O avó levábase moi ben co Conde de Bugallal, que tiña unha finca a carón del. Cando o conde estaba en Madrid, coidáballe el a finca e alí agocharon a Tino porque ao conde non se lle metía ninguén na propiedade. Ela ía alí coa escusa de ir onde os avós e víanse. Ata que a colleron e tivérona toda a maña para cantar onde estaba el. Rapáronlle o pelo e tatuáronlle a fronte. Cando el a viu, desesperouse e entregouse para que a ela non lle fixeran máis dano”.

Peregrina Suárez Portela, sobriña de Estrella

Cando foron prendela, díxéronlle ao seu pai que ían deixala alí ata que confesase o paradoiro do mozo e que se non pagaba certa cantidade de cartos, raparíana. O pai, Jesús Portela Villaverde, pagou o que lle pediron pero a rapa e a tatuaxe fixéronlla igual:

“O meu avó foi ao cuartel e díxéronlle que a súa filla ía quedar alí, que tiña que cantar onde estaba el agochado. O pai foi á de Calixto, un restaurante alí preto do cuartel dos cívicos, e contoulle que lle pediran cartos para non pelala nin facerlle a cruz na fronte. El deixoullos. O avóolveu cos cartos e os cívicos déronlle un par de labazadas. Quedou sen cartos, levou unha tunda e a ela pelárona e tatuárona igual. Cando Estrella quedou libre díxolle ao pai que non lles volvera dar un duro fixeran o que fixeran con ela. Era unha muller de carácter”.



Peregrina Suárez Portela, sobriña de Estrella

Cando saíu libre, Estrella foi á finca do conde de Bugallal, ver a Tino, e el, ao vela rapada e tatuada, entregouse. Foi á casa do médico Enrique Ballina, a ver se podía mediar pola súa vida, pero segundo contou Custodia na entrevista a Marco, foi delatado polo sobriño do médico, de nome Manolo. Detivérono e foi fusilado. O seu expediente recolle que pasou as últimas horas coa súa moza, pero a sobriña de Estrella di que non o chegou a ver:

“Preguntáronlle a Estrella se quería velo por última vez e ela, que era moi forte, dixo que si. Foi coa miña nai e foi a miña nai a que me contou que as tiveron horas encerradas pero non a deixaron velo. Estrella escoitou os disparos que o mataron pero a el non o volveu ver, nin vivo nin morto”.

Peregrina Suárez Portela, sobriña de Estrella

Estrella tiña daquela 21 anos. Morrería apenas seis despois, en 1942. Segundo o informe médico, dunha enfermidade do pulmón. Segundo a súa familia, de mágoa:

“Ela era unha muller excelente, alegre, aberta pero desde que mataron o mozo, xa nunca ben lle foi (...). Andaba cun pano á cabeza, pechouse na habitación ata que lle creceu un pouco o pelo e logo dedicouse ao contrabando. Ía a Portugal, traía café pero co desgusto que tivo empezou a complicárselle a vida, enfermou do pulmón e estaba en tratamento... Na casa non se comentou máis nunca das cousas que pasaran. Había que resignarse e aguantar todo o que botaban”.

Francisco Portela López, irmán de Estrella

Estrella morreu en 1942, con 27 anos, “de amor” dicía a sobriña. Desde que mataron a Tino, o seu único obxectivo foi que na súa casa non volveran pasar penalidades:

“Despois de que o mataran a el todo o obxectivo da vida de Estrella foi que na súa casa non se volvera pasar fame. E facía contrabando con Portugal. Traía aceite e tense tirado do tren en marcha. Despois enfermou do pulmón e ao pouco morreu”.

Peregrina Suárez Portela, sobriña de Estrella

Para a súa sobriña Peregrina, Estrella foi un exemplo, unha lembranza que a acompañou toda a vida. Por iso, cando chegou a súa propia morte, en febreiro do 2016, Peregrina foi enterrada coas cinzas da súa tía, tal e como lle pedira á súa familia nos seus últimos momentos de vida.

Peregrina foi entrevistada no outono de 2015 e finou en febreiro de 2016. Tamén colaborou na elaboración da biografía outro sobriño de Estrella, Enrique Suárez Portela.